



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

Sr. Conselleiro
Consellería de Medio Rural
Xunta de Galicia

Serafín González Prieto, Presidente de SGHN,

EXPÓN:

1. Que o incendio forestal que a primeiros deste mes afectou a terreos entre Arcucelos (Laza) e Vences (Monterrei), na provincia de Ourense, calcinou 382 ha cunha pendente media do 39,6 % polo que o risco de graves fenómenos erosivos é moi importante, máis aínda ao considerar que desta superficie:
 - a. Perto de tres cuartas partes (272 ha; un 71,1 %) ten pendentes superiores ao 30 %.
 - b. Case a metade (182 ha; un 47,6 %) ten pendentes superiores ao 40 %.
 - c. Case a cuarta parte (95 ha; un 24,9 %) ten pendentes superiores ao 50 %.
 - d. Máis de 42 ha (un 11,1% do total) ten pendentes maiores do 60 %, que chegan ata o 80-90 %.
2. Que as características da vexetación queimada, composta maioritariamente por matogueiras de uces e carqueixas, e a intensidade do lume indican unha forte susceptibilidade aos fenómenos erosivos.
3. Que, no seu bordo leste, o perímetro da área queimada atópase en promedio a menos de 600 m (rango entre 75 e 977 m) do cauce do río Támega, é dicir, do LIC ES1130005 Río Támega no que un 44% da superficie está constituído polo hábitat de conservación prioritaria na Unión Europea 91E0 Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*. Neste espazo natural está documentada a presenza de dous moluscos considerados "vulnerables" polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007): a babosa terrestre *Geomalacus maculosus* e o mexilón de río *Anodonta cygnea*, especie esta última moi sensible á degradación da calidade das augas.
4. Que dous cursos de auga estacionais, o Regato de Fervenza e o Regato de Rebordallo, que nacen na zona queimada desembocan directamente no río Támega na área do LIC ES1130005.

SOLICITA

1. Que a Consellería que vostede preside adopte, coa máxima urxencia e coordinadamente co organismo de bacía (Confederación Hidrográfica del Duero), todas as medidas posibles de conservación dos solos e protección hidrolóxico-forestal na área queimada para minimizar o deterioro post-incendio desta así como as afeccións ao LIC ES 1130005 Río Támega, especialmente no referente a calidade das augas e conservación dos hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que manteña informada a SGHN de cantas actuacións desenvolva ao respecto a Consellería de Medio Rural.

En Santiago de Compostela a 13 de outubro de 2011

Serafín González Prieto
Presidente SGHN